

SEGUNDA REPÚBLICA ETAPAS (1)

PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA FORZAS SOCIAIS E POLÍTICAS DA REPÚBLICA

1. BIENIO REFORMISTA ou REPUBLICANO-SOCIALISTA (Abril de 1931 – novembro de 1933)

- Obxectivo: Convocar eleccións xerais a **Cortes constituíntes**, que se celebran o 28 de xuño de 1931, co triunfo da **alianza republicano-socialista**, polo que o goberno non se modificou
- **CORTES CONSTITUÍNTES**
- Composición (ver cadro páx. 305)
- Presidente: Julian Besteiro
- Referendaron os decretos do Goberno provisional
- Comisión para a redacción da Constitución. Os debates foron moi intensos e tiveron amplo eco na opinión pública
- Un dos temas máis controvertidos foi o voto feminino (**textos de Victoria Kent e Clara Campoamor**)

A CONSTITUCIÓN DE 1931

- Aprobada polas Cortes o 9 de decembro de 1931
- Non se fixo referendo, polo que non se soubo o grao de apoio da poboación
- Definición de España: República de traballadores
- Modelo de Estado: integral, compatible coas autonomías dos municipios e rexións (fórmula ambigua para contentar ás demandas dos nacionalistas periféricos).
- Goberno: República Parlamentaria
- Presidente da República: elixido polos deputados para un mandato de 6 anos. Tiña as facultades de:
 - nomear e cesar ao Presidente do Goberno
 - Suspender e disolver as Cortes (so dúas veces no seu mandato)
- Sistema unicameral:
 - As Cortes tiñan o poder legislativo, o control de orzamentos e do Goberno
 - Podían destituír ao Presidente da República no caso de abuso das súas prerrogativas
- Poder executivo: Presidente do Goberno e os seus ministros que eran responsables ante as Cortes
- Dereitos e liberdades claramente especificados, incorporou:
 - Libre asociación, reunión e sindicación
 - Dereitos sociais relativos á familia, á educación e ao traballo
- Sistema económico mixto: combinación de propiedade privada (aínda que podía ser expropiada con indemnización -reforma agraria-), co dereito do Estado a intervir en asuntos económicos (producción e relacións laborais). Isto provocou a oposición das dereitas (propietarios, industriais...), ao mesmo tempo que os sectores radicais do movemento obreiro esixía máis.
- A ensinanza:
 - Primaria: gratuíta e obrigatoria
 - Laica
- Recoñécese ás Igrexas o dereito, suxeito á inspección do Estado, de ensinar as súas respectivas doutrinas nos seus establecementos

O GOBERNO DE AZAÑA E AS GRANDES REFORMAS

Unha vez aprobada a Constitución foi elixido:

- Presidente da República: Nícteo Alcalá Zamora
- Xefe do Goberno: Manuel Azaña

Este goberno caracterizouse pola súa actividade reformista a través de leis innovadoras (algunhas aprobadas polo goberno provisional e referendadas polas Cortes)

- **A cuestión relixiosa:** A defensa do establecemento dun Estado laico desencadeou enfrontamentos entre o Estado e a Igrexa, acentuándose despois da aprobación da Constitución. A relixiosidade debía quedar limitada a prácticas individuais. Isto incluía medidas como:
 - Separación Igrexa- Estado
 - Extinción do orzamento do clero
 - Liberdade de cultos
 - Secularización dos cemiterios
 - Matrimonio civil
 - Divorcio
 - Certas limitacións á Igrexa
- **A reforma do exército:** 3 obxectivos básicos:
 - Eliminar o poder político dos militares
 - Reducir o número de oficiais
 - Aumentar a súa eficacia**Lei Azaña:**
 - todos os mandos debían xurar fidelidade á República
 - Dereito de retiro (pasar á reserva ou retirarse co soldo íntegro)
 - Reorganización xeral das unidades
 - Supresión Lei Xurisdicións de 1906* (páx. 224)
 - Supresión da Academia militar de Zaragoza
 - Creación dun novo corpo: a **Garda de Asalto***

As reformas crearon malestar entre o exército, o tema das autonomías, que consideraron separatismo, agravou a situación

- **A reforma agraria:** Grave situación do campo. Para mellorar a solución pasaba pola **reforma da propiedade**, pero había diferentes posturas que provocou retraso na elaboración dunha lei de reforma agraria. Tomáronse diversas medidas ata chegar a:
 - **Lei de bases da reforma agraria** (1932) e á **Lei de intensificación de cultivos**.
 - Creouse o **Instituto de Reforma Agraria (IRA)**
 - A reforma aplicouse con lentitude e foron escasas as terras entregadas aos campesiños
- **A reforma educativa:** Destinada a diminuír o analfabetismo e mellorar o nivel cultural, así como modificar a mentalidade xeral, formando cidadáns libres e responsables capaces de modernizar o país
 - **Ministerio de Instrución Pública:** Creación de numerosas escolas, mellora na formación do profesorado, clases para adultos, creación de centros de investigación, dereito ao emprego das linguas...
 - **Misións Pedagóxicas:** levar a todos os lugares a cultura
 - **A Barraca:** agrupación teatral, dirixida por Lorca.

A AUTONOMIA DE CATALUÑA

DIFICULTADES DO GOBERNO REFORMISTA

- Sulevación de Sanjurjo
- Conflitividade social
- Reorganización das dereitas
- Ruptura da coalición gubernamental